

ACTA Nº 2018/4**SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN****- SALÓN DE SESIÓNS DA CASA DO CONCELLO, XOVES 19 DE ABRIL DE 2018 -**

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia da sra. alcaldesa, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario accidental, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

MARIA BEATRIZ BSCYOY MACEIRAS

ASISTEN:

BNG

IRIA COUCE REGO

MAGIN FERNANDO LAGO TUIMIL

JOSE MANUEL SOTO SANCHEZ

MIGUEL ANGEL PEDREIRA RODRÍGUEZ

PP

ROCIO LUACES ANTON

AQUILINO SUEIRAS DOPICO

AUSENCIAS:

JORGE GONZALEZ ANEIROS

XULIO CRIBEIRO GARCIA

SECRETARIO ACCIDENTAL:

ANTONIO GARCIA MENDEZ

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a sra. alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA**1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior, ordinaria de data 15/02/2018.**

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, prestou a súa aprobación á acta da sesión anterior, ordinaria de data 15 de febreiro de 2018.

2.- Dación de contas das resolucións da alcaldía.

En cumprimento do disposto na normativa vixente, dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións ditadas pola Alcaldía no período comprendido entre o 9 de febreiro e o 16 de abril de 2018, e que son as que seguen:

Nº Expediente	Decreto	Nº Decreto	Data sinatura
2018/G003/000029	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN MEDIANTE XESTIÓN COMPARTIDA AO ABEIRO DA ORDE DO 21/12/2018 MEDIANTE A LIÑA DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL	00028/2018	09/02/2018
2018/G003/000030	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA O EQUIPAMENTO E MELLORA DAS INSTALACIONES E LOCAIS UTILIZADOS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS	00029/2018	12/02/2018
2018/G003/000031	CONCESION DÍA DE ASUNTOS PROPIOS	00030/2018	12/02/2018

2018/G003/000032	CONCESION DIA ASUNTOS PROPIOS	00031/2018	12/02/2018
2018/G003/000033	SOLICITUDE DE INCLUSIÓN DUNHA OBRA DO CONCELLO NO PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2018-2019	00032/2018	14/02/2018
2018/G003/000034	APROBACIÓN PLAN DE SEGURIDADE E SAUDE DA OBRA PAVIMENTACION CAMIÑOS DE LOIRA A LABACENGOS	00033/2018	15/02/2018
2018/G003/000035	REMITE SOLICITUDE LOCAL SOCIAL DE ABADE PARA A CELEBRACION DUN CUMPLEANOS O DIA 24-02-2018.	00034/2018	15/02/2018
2018/G003/000037	DELEGACIÓN DS COMPETENCIAS DA ALCALDIA	00035/2018	17/02/2018
2018/G003/000039	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A PROMOCIÓN DA IGUALDADE E FOMENTO DA CONCILIACION FAMILIAR	00036/2018	21/02/2018
2018/G003/000038	SOLICITUDE SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL TÉCNICO PARA O CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA REVOLUCIÓN IRMANDIÑA	00037/2018	21/02/2018
2018/G003/000036	SOLICITUDE DE AUTORIZACION DE ASISTENCIA A CURSO SOBRE XESTION INFORMATIZADA DE BIBLIOTECAS OS DÍAS 16 E 23 DE FEBREIRO DE 2018 EN SANTIAGO DE COMPOSTELA	00038/2018	21/02/2018
2018/G003/000041	DEVOLUCIÓN DE GARANTIAS DEFINITIVAS DE CONTRATOS DE OBRAS	00039/2018	23/02/2018
2018/G003/000040	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL) PARA O EJERCICIO 2018	00040/2018	23/02/2018
2018/G003/000042	SOLICITUDE USO LOCAL SOCIAL DE ABADE PARA UNHA REUNIÓN ABERTA Ó PÚBLICO DO PARTIDO POPULAR DE MOECHE	00041/2018	03/03/2018
2018/G003/000043	ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR	00042/2018	03/03/2018
2018/G003/000045	AUTORIZACIÓN VENTA AMBULANTE DE PEIXE	00043/2018	06/03/2018
2018/G003/000046	ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR	00044/2018	06/03/2018
2018/G003/000047	AUTORIZACION PARA A ASISTENCIA DE FUNCIONARIOS MUNICIPAIS A UNHA XORNADA DE FORMACION DE GINPIX7	00045/2018	07/03/2018
2018/G003/000048	APROBACIÓN BASES III CONCURSO DE RECEITAS CON QUEIXO	00046/2018	13/03/2018
2018/G003/000049	MODIFICACION DA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A PROMOCION DA IGUALDADE E FOMENTO DA CONCILIACION FAMILIAR	00047/2018	14/03/2018
2018/G003/000050	BAIXA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR	00048/2018	16/03/2018
2018/G003/000051	AUTORIZACION CELEBRACION DA FEIRA DO CABALO O DIA 23 DE ABRIL DE 2018	00049/2018	16/03/2018
2018/G003/000052	TOMA DE COÑECEMENTO POR PARTE DA CORPORACION MUNICIPAL DOS MEMBROS DA COMISION DE FESTAS DE ABADE PARA O 2018	00050/2018	16/03/2018
2018/G003/000054	REMITE SOLICITUDE USO LOCAL SOCIAL O DIA 24-03-2018 PARA A CELEBRACION DUN CUMPLEANOS	00051/2018	19/03/2018
2018/G003/000055	BAIXA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR	00052/2018	19/03/2018
2018/G003/000057	AUTORIZACIÓN PARA A COLOCACIÓN DUN POSTO NO ESPAZO DE EMPRENDEMENTO COMERCIAL	00053/2018	20/03/2018
2018/G003/000058	AUTORIZACIÓN PARA A COLOCACIÓN DUN POSTO NO	00054/2018	20/03/2018

	ESPAZO DE EMPRENDEMENTO COMERCIAL		
2018/G003/000059	AUTORIZACION PARA A COLOCACION DUN POSTO DE PRODUCTOS LOCAIS NO ESPAZO DE EMPRENDEMENTO COMERCIAL	00055/2018	20/03/2018
2018/G003/000060	AUTORIZACION COLOCACION POSTO EN ESPAZO EMPRENDEMENTO COMERCIAL	00056/2018	20/03/2018
2018/G003/000056	APROBACIÓN DA LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS DA CONVOCATORIA DA BOLSA DE TRABALLO PARA CONTRATACIÓNS TEMPORAIS DE AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR	00057/2018	20/03/2018
2018/G003/000061	CONCESIÓN DE VACACIÓNS	00058/2018	21/03/2018
2018/G003/000062	ADHESIÓN AO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA O ANO 2018	00059/2018	23/03/2018
2018/G003/000063	PRORROGA DO CONTRATO LABORAL TEMPORAL A TEMPO PARCIAL DUN TÉCNICO PARA O CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA REVOLUCION IRMANDIÑA DO CONCELLO MOECHE	00060/2018	23/03/2018
2018/G003/000064	AUTORIZACIÓN USO LOCAL SOCIAL DE ABADE PARA O DÍA 29/03/2018	00061/2018	23/03/2018
2018/G003/000065	AUTORIZACIÓN USO LOCAL SOCIAL DE ABADE PARA O DÍA 07/04/2018	00062/2018	23/03/2018
2018/G003/000066	APROBACIÓN DA LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS DA CONVOCATORIA DA BOLSA DE TRABALLO PARA CONTRATACIÓNS TEMPORAIS DE AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR E COMPOSICIÓN DA COMISIÓN CUALIFICADORA	00063/2018	26/03/2018
2018/G003/000067	FORMALIZACION DE CONTRATOS MENORES	00064/2018	26/03/2018
2018/G003/000068	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PROGRAMA DE SOCORRISMO 2018	00065/2018	27/03/2018
2018/G003/000069	APROBACION PLAN COMPLEMENTARIO AO PLAN PROVINCIAL DE MEDIO AMBIENTE (PMA) 2016	00066/2018	28/03/2018
2018/G003/000070	ACTUALIZACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO DE AUXILIARES DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR PARA CONTRATACIÓNS TEMPORAIS	00067/2018	04/04/2018
2018/G003/000071	APROBACION PLAN COMPLEMENTARIO AO PLAN PROVINCIAL DE MEDIO AMBIENTE (PMA) 2016	00068/2018	04/04/2018
2018/G003/000072	AUTORIZACIÓN USO LOCAL SOCIAL DE ABADE PARA O DÍA 09/04/2018	00069/2018	06/04/2018
2018/G003/000073	AUTORIZACIÓN USO LOCAL SOCIAL DE ABADE PARA O DÍA 10/04/2018	00070/2018	10/04/2018
2018/G003/000074	APROBACIÓN LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS NA BOLSA DE EMPREGO DE CONDUTOR OPERARIO E PEÓN DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS	00071/2018	10/04/2018
2018/G003/000076	AUTORIZACIÓN PARA A COLOCACIÓN DE MESAS NO LATERAL DA NAVE DO POLBO O DÍA 23/04/2018	00072/2018	13/04/2018
2018/G003/000077	CORRECCIÓN DE ERROS LISTAS PROVISIONAIS DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS NA BOLSA DE EMPREGO DE CONDUTOR OPERARIO E PEÓN DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS	00073/2018	13/04/2018
2018/G003/000078	ACTUALIZACION ANUAL DO INVENTARIO DE PATRIMONIO	00074/2018	16/04/2018

	MUNICIPAL		
2018/G003/000075	APROBACIÓN EXPEDIENTE INCORPORACIÓN DE REMANENTES 1/2018	00075/2018	16/04/2018
2018/G003/000079	ALTA NO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR	00076/2018	16/04/2018

A Corporación queda enterada.

3.- Proposta de nomeamento de representante suplente para o Consello Escolar.

Sométese á consideración da corporación a seguinte proposta.

En Sesión Plenaria de data 25 de xuño de 2015 acordouse o nomeamento como representante do Concello no Consello Escolar do C.E.I.P. de San Ramón de Moeche á alcaldesa D^a. Beatriz Bascoy Maceiras e, como suplente, ao concelleiro D. Juan Carlos Rodríguez Lago.

En Sesión Plenaria extraordinaria de data 6 de novembro de 2017 tomouse coñecemento, por parte da Corporación Municipal, da renuncia presentada por D. Juan Carlos Rodríguez Lago ao cargo de concelleiro.

En sesión Plenaria Extraordinaria de data 12 de decembro de 2017, tomou posesión do cargo de concelleiro D. Miguel Ángel Pedreira Rodríguez.

En vista do anterior, sométese á consideración da Corporación a seguinte proposta:

Sendo necesario proceder ao nomeamento de representante suplente do Concello no Consello Escolar do C.E.I.P. de San Ramón de Moeche, debido á renuncia ao cargo de concelleiro do anterior, pola presente propónse ao Pleno da Corporación

PRIMEIRO.- Nomear como representante suplente do Concello no Consello Escolar do C.E.I.P. de San Ramón de Moeche ao concelleiro D. Miguel Ángel Pedreira Rodríguez.

SEGUNDO.- Dar conta deste acordo ao C.E.I.P. de San Ramón de Moeche para o seu coñecemento e efectos oportunos.

O Pleno, non obstante, acordará o que estime pertinente.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, prestou a súa aprobación á proposta presentada.

4.- Ratificación do nomeamento de 2º representante do Concello de Moeche no Consello de Dirección da Comunidade Intermunicipal Proxecto Xeoparque Cabo Ortegal.

En Sesión Plenaria de data 16 de novembro de 2017, aprobouse o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos de Cariño, Cedeira, Cerdido, Moeche, Ortigueira, San Sadurniño e Valdoviño para regular o proxecto "Xeoparque de Ortegal", nomeando como representante do concello no consello de dirección do convenio interadministrativo a D^a. Beatriz Bascoy Maceiras.

Na base oitava do dito convenio establece:

"2. O dito órgano estará formado por representantes de todas as entidades partícipes, de acordo coa seguinte distribución:

a) Dous representantes de cada unha das corporacións partícipes, sendo un deles a Alcaldía ou concelleira/o no que delegue"

En data 28 de marzo de 2018, a requerimento telefónico da Deputación Provincial remítese correo electrónico no que se comunica a designación, como segundo representante, da técnica local de emprego, D^a. María Raquel Novo Montes, facendo constar que esta designación será proposta para a súa aprobación na próxima sesión plenaria que se celebre

En vista do anterior, sométese á consideración da Corporación a seguinte proposta:

PRIMEIRO.- Nomear como segundo representante no consello de dirección do convenio interadministrativo para regular o proxecto "Xeoparque de Ortegal", á técnica local de emprego, D^a. María Raquel Novo Montes.

SEGUNDO.- Dar conta deste acordo á Deputación Provincial para o seu coñecemento e efectos oportunos.

O Pleno, non obstante, acordará o que estime pertinente.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, acorda ratificar o nomeamento da técnica local de emprego, D^a. María Raquel Novo Montes, como 2º representante do Concello de Moeche no Consello de Dirección da Comunidade Intermunicipal Proxecto Xeoparque Cabo Ortegal.

5.- Corrección de erros de transcripción en partidas do POS 2018.

Ponse en coñecemento da Corporación Municipal que no punto 2 da acta da Sesión Plenaria Extraordinaria de data 12 de decembro de 2017, por un erro de transcripción figura un grupo de programa erróneo nas obras que se relacionan:

Denominación	Grupo programa erróneo	Grupo programa correcto
Saneamento en Mil de Abaixo (Abade)	161	160
Formación de novas beirarrúas e reposición das existentes en Balocos	151	153

Sometida á consideración da Corporación, resulta aprobada a modificación por unanimidade dos asistentes, correspondendo o grupo de programa como se relaciona a continuación:

Denominación	Grupo programa
Saneamento en Mil de Abaixo (Abade)	160
Formación de novas beirarrúas e reposición das existentes en Balocos	153

6.- Dación de conta da aprobación do Convenio entre a Deputación da Coruña e o Concello

de Moeche para o proxecto "Mellora e aforro enerxético da iluminación pública en accesos e arredores da feira".

Dase conta á Corporación Municipal da aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Moeche para o proxecto "Mellora e aforro enerxético da iluminación pública en accesos e arredores da feira".

O orzamento da subministración ascende a 85.217, 12 €, sendo a achega da Deputación de 68.173,70 € e a do Concello de 17.043,42 €. Isto supón un coeficiente de financiamento por parte da Deputación Provincial do 80,00 % e unha aportación por parte do Concello do 20,00 %.

A vixencia deste convenio estendese ata o 1 de novembro de 2019, polo que a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

A Corporación queda enterada.

7.- Dación de conta do proxecto de obras do Plan complementario de Medio Ambiente.

Dase conta á Corporación Municipal da aprobación, por resolución da alcaldía de data 4 de abril de 2018 do Plan Complementario ao Plan Provincial de Medio Ambiente (PMA) 2016 da Deputación Provincial, no que se recolle o proxecto de obra de "Mellora de áreas de esparcemento municipal".

O orzamento da obra ascende a 11.165,00 €, sendo a achega da Deputación de 10.331,17 € e a do Concello de 833,83 €.

Este Plan Complementario xurde dunha modificación das bases reguladoras do Plan Provincial de Medio Ambiente aprobada polo pleno da Deputación da Coruña de data 27 de outubro de 2017 na que se indica "os concellos poderán aprobar un plan complementario integrado polos proxectos de investimento que acorden executar con cargo ás economías derivadas das baixas na licitación das actuacións incluídas no PMA-INVESTIMENTOS 2016 ou pola anulación destas".

A obra de "Mellora de áreas de esparcemento municipal" trátase dun investimento reflectido no epígrafe 2.A.1. Recuperación ambiental de espazos degradados destinados ao uso público das bases reguladoras do PMA.

As obras realizaranse nos entornos da área recreativa de Souto Grande e do centro social do Pereiro.

A Corporación queda enterada.

8.- Actualización anual e incorporación ao inventario de diversos bens municipais.

O Inventario do Patrimonio do Concello de Moeche, elaborado pola Deputación Provincial da Coruña a petición do Concello de Moeche aprobouse por acordo plenario de data 3 de marzo de 2017.

O Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das

entidades locais, no seu artigo 33.1 establece que a rectificación do inventario verificarase anualmente, e nela reflectiranse as vicisitudes de toda índole dos bens e dereitos durante esa etapa.

O artigo 34 do antedito Real Decreto establece que o pleno da Corporación Local será o órgano competente para acordar a aprobación do inventario xa formado, a súa rectificación e comprobación.

En base ao anterior propóñense ao Pleno as seguintes modificacións ao Inventario do Patrimonio:

ALTAS POR EXECUCIÓN DE OBRAS			
	OBRAS	ORZAMENTO	DATA RECEPCIÓN
1	Instalación de redutora a presión e outras melloras na rede municipal de abastecemento	22.173,49	16/06/2017
2	Formación de bases e cerramentos para colectores de residuos e outros	38.675,18	13/10/2017
3	Cuberta para pavillón deportivo e outro	104.986,15	14/02/2018
4	Mellora do saneamento en San Ramón e outros	35.090,36	18/12/2017
5	Pavimentación e melloras nos camiños de Gundiao, Loureiro, Pico de Ferreira, O Vilar, O Tellado, accesos en Vilachave e aparcadoiro en local social de Trieiro, Abade	66.131,95	02/02/2018
6	Acondicionamento do espazo do campo da feira	107.933,05	24/10/2017
7	Espazo emprendemento activo nave da feira (baños, mostrador, mesas, cadeiras, estufas, almacén, canalización, portalóns, etc)	59.048,00	27/10/2017
8	Peche perimetral da pista de padel de Abade	6.000,00	09/08/2017
9	Sistema de calefacción con caldeira de biomasa no local social de Abade	3.319,19	09/08/2017
10	Acondicionamento e melloras na área recreativa e no entorno do castelo (espazos públicos abertos)	75.961,22	16/06/2017
11	Adecuación locais sociais e culturais: Antigo local de protección civil de Abade, local social de Abade e local social do Pereiro	82.468,75	24/05/2017
12	Cuberta plana Centro Cultural Francisco Piñeiro	8.467,63	04/04/2018
ALTAS POR ADQUISICIÓN DE BENS			
1	Terreo con referencia catastral 15050A502000300000FS	5.800,00	27/12/2017 Escritura notarial
2	Termo eléctrico 50 litros (Mercado)	461,01	04/04/2018
3	Expositor peixería aceiro inoxidable	1.200,00	04/04/2018
4	Megafonía 7.000 W portátil (locais culturais e mercado)	1.715,30	04/04/2018

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, acorda a modificación do Inventario do Patrimonio do Concello de Moeche nos termos propostos.

9.- Moción do Grupo Municipal do BNG para o mantemento de pensións dignas para os galegos e galegas.

Polo portavoz do grupo Municipal do BNG dáse lectura a moción que se transcribe de seguido:

MOCIÓN PARA O MANTEMENTO DE PENSÍONS DIGNAS PARA OS GALEGOS E GALEGAS

Ao abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte moción

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As dúbidas que se están a xerar arredor da viabilidade do sistema público de pensións son interesadas para favorecer precisamente os plans privados e seguir no camiño de recorte das pensións públicas. No Bloque Nacionalista Galego, asistimos con preocupación as novas propostas que está a facer o Goberno español, como a ampliación do cómputo de cálculo a toda a vida laboral, que afondan na mesma liña. O traballo a realizar ten que ir xusto na dirección contraria, na de recuperar os dereitos eliminados nos últimos anos coa excusa da crise.

As reformas laborais promovidas, durante os anos 2010, 2011 e 2012, por gobernos do PSOE e PP, respectivamente, con diferentes niveis no seu contido e importancia, afondaron na liña neoliberal de individualización e desregulación das relacións laborais. Atrasouse a idade de xubilación aos 67 anos, ampliouse a 25 o número de anos para calcular a base reguladora, adiantouse a aplicación do factor de sostibilidade ao 1 de xaneiro de 2019, atrasouse a idade de acceso á xubilación anticipada, dificultouse o acceso ao subsidio de desemprego establecendo límites económicos de miseria para ter dereito ao mesmo e atrasouse a idade de acceso dos 52 aos 55. En definitiva, medidas todas orientadas a dificultar o acceso e reducir a contía das prestacións do sistema público de protección social, ao tempo que se fomenta a súa privatización.

Estas medidas son especialmente mesquiñas en Galiza. Primeiro porque temos as pensións máis baixas do Estado español, e unha maior porcentaxe de pensionistas en relación á súa poboación, as pensións son o único ingreso que entra en moitos fogares, son miles os que só teñen ingresos procedentes de prestacións das que as pensións son unha parte fundamental, e segundo porque se suma a outras medidas tamén tremendamente inxustas, como son o copago polos medicamentos, polas residencias, a suba do iver, da auga, da luz, dos carburantes... Hoxe temos un empobrecemento maior d@s pensionistas, case o 60% das pensións galegas están por baixo do salario mínimo, a media está máis de 15-20 puntos por baixo da do Estado, sendo especialmente preocupante a situación das mulleres xa que 1 de cada 4 mulleres maiores de 65 anos está por baixo do umbral da pobreza.

O debate sobre a sostibilidade do sistema de pensións públicas ven de lonxe. Desde hai anos

veñen prognosticando a súa creba e promovendo os sistemas privados xestionados polos bancos. A razón é moi sinxela, por un lado o interese de recortar a administración pública, por outro a de transferir ao sistema privado a xestión dun volume de capital formidábel derivado dos fondos de pensións públicos.

Desde o comezo da década dos 90, o debate internacional sobre a reforma dos sistemas de pensións estivo dominado polas teorías xurdidas na contorna do Banco Mundial, o Fondo Monetario Internacional e a OCDE, que defenden fortes recortes nos sistemas públicos de pensións, acompañados da capitalización individual a través do sector privado.

O argumento central é que o sistema de pensións é insostíbel. As razóns que presentan son que a esperanza de vida aumenta progresivamente ao mesmo tempo que hai menos cotizantes por causa da caída da poboación activa. A partir desta idea estenden a alarma social pregoando que a longo prazo non haberá diñeiro para pagar as pensións públicas.

O obxectivo é favorecer a privatización das pensións e permitir ao capital financeiro xestionar inxentes aforros a través dos fondos de pensións privados con destino aos mercados financeiros globais.

Estamos diante dunha decisión ideolóxica onde o poder toma a decisión de atacar os dereitos dos sectores máis desfavorecidos, os que están a padecer con máis dureza a crise para potenciar os plans de pensións privados e drenar aínda máis cartos dos impostos de tod@s para os bancos.

O sistema de pensións público é un dos obxectivos da axenda neoliberal desde hai décadas. Estamos a falar dun calculado e continuado proceso de desmantelamento do dereito do traballo a prol da parte máis forte nas relacións laborais, a prol do capital.

Por todo o anteriormente exposto, sométese a consideración do Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO

1. Instar á Xunta de Galiza a dirixirse ao Goberno español para que proceda a:

- Derrogación das reformas laborais, e en especial: Real Decreto Lei 10/2010, de 16 de xuño, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, a Lei 35/2010, de 17 de setembro de medidas urxentes para a reforma do mercado de traballo, Real Decreto-Lei 20/2012 do 19 de xullo, Real Decreto-lei 3/2012 de 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, o Real Decreto-lei 5/2013 de 15 de marzo de "medidas para favorecer a continuidade da vida laboral dos traballadores de maior idade e promover o envellecemento activo, o Real Decreto-lei 4/2013, de 22 de febreiro, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego. Así como de todas a demais normativas que as desenvolven.
- Á aprobación dunha nova lexislación laboral e social que restituía os dereitos perdidos como consecuencia das sucesivas contrarreformas laborais que favoreza dereitos e regulacións novas que melloren así condicións de vida e de traballo e fortalezan á clase traballadora diante do capital, para favorecer a creación de emprego de calidade como mellor vía para garantir ingresos que permitan o pago das pensións.
- Recoñecendo o dereito á xubilación ordinaria aos 65 anos.
- Establecer o cálculo da base reguladora polas bases de cotización dun período de quince anos

da súa vida laboral a elixir pola traballadora ou traballador.

- Estabelecer o cálculo da base reguladora polas bases de cotización dun período de 15 anos da súa vida laboral.
- Estabelecer o importe da pensión mínima no equivalente ao 60% do salario medio.
- Estabelecer a actualización anual en base ao IPC.
- Eliminar as penalizacións e discriminacións no acceso á pensión das persoas empregadas a tempo parcial.
- Reclamar para Galiza a xestión da Seguridade Social, como xa contempla o Estatuto de autonomía.
- Demandar que as empresas, con centro de traballo en Galiza paguen os impostos e as cotización sociais aquí.

2. Instar á Xunta de Galiza a incrementar a contía do “Fondo extraordinario, perceptores subsidios e pensións non contributivas”, de xeito que cada persoa prestataria de pensión non contributiva perciba un incremento de 100 euros mensuais na mesma.

O Pleno da Corporación por CINCO (5) votos a favor e DÚAS (2) abstencións dos sres./as. Luaces Antón e Sueiras Dopico, prestou a súa aprobación a moción antedita.

FORA DA ORDE DO DÍA

Previa ratificación da urxencia, acordada por unanimidade dos asistentes, inclúese na orde do día da sesión o seguinte punto

POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO INFORME SOBRE O CUMPRIMENTO DE PRAZOS DE PAGAMENTO DO 1º TRIMESTRE DE 2018.

En cumprimento do establecido no artigo 5.4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dase coñecemento dos informes sobre o cumprimento dos prazos de pagamento das obrigacións correspondentes ao 1º trimestre de 2018 elaborados polos servizos económicos do Concello que a continuación se relacionan

Pagos realizados no trimestre					
Pagos realizados no trimestre	Periodo medio pago (PMPP) (días)	Pagos realizados no trimestre			
		Dentro periodo legal pago		Fora periodo legal pago	
		Operacións	Importe	Operacións	Importe
Gastos en bens corrientes e servizos	19,10	278	74.009,11	0	0
20.- Arrendamentos e cánones	1,00	0		0	0
21.- Reparacións, mantementos e conservación	19,02	17	12.757,23	0	0
22.- Material, subministro e outros	19,12	261	61.251,88	0	0
23.- Indemnizacións por razóns do servizos	0,00	0		0	0

24.- Gastos de publicacións	0,00	0		0
26.- Traballos realizados por institucións s.f. lucro	0,00	0		0
Inversións reais	37,50	5	109.538,42	0
Outros pagos realizados por operacións comerciais	0,00	4	252,05	0
Pendientes de aplicar a Presuposto	0,00	0		0
TOTAL	30,04	287	183.799,58	0

Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre					
Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre	Periodo medio do pendente de pago (PMPP) (días)	Pendente de pago ao final do trimestre			
		Dentro periodo legal pago a final do trimestre		Fora periodo legal pago a final do trimestre	
		Operacións	Importe	Operacións	Importe
Gastos en bens corrientes e servizos	15,50	340	33.281,89	1	23,38
20.- Arrendamentos e cánones	0,00	0		0	
21.- Reparacións, mantementos e conservación	13,65	7	7.577,70	0	
22.- Material, subministro e outros	16,05	333	25.704,19	1	23,38
23.- Indemnizacións por razóns do servizo	0,00	0		0	
24.- Gastos de publicacións	0,00	0		0	
26.- Traballos realizados por institucións s.f. lucro	0,00	0		0	
Inversións reais	3,00	1	8.467,63	0	
Outros pagos realizados por operacións comerciais	0,00	0		0	
Pendientes de aplicar a Presuposto	20,51	31	62.066,98	124	11.934,78
TOTAL	17,79	372	10.816,50	125	11.958,16

Cálculos realizados para a entidade do computo do PMP RD 635/2014		
Ratio de operacións pagadas	0,07	Días
Importe de operacións pagadas	182.726,24	Euros
Ratio de operacións pendentes de pago	-12,21	Días
Importe de operacións pendentes de pago	115.774,66	Euros
Periodo medio de pago da entidade	-4,69	Días

A Corporación toma coñecemento do informe sobre o cumprimento de prazos de pagamento do 1º trimestre de 2018.

10.- Actividade de control dos órganos de goberno.

Aberta a quenda de rogos e preguntas fórmulanse as seguintes

Sra. Luaces Antón.- Fai uns catro meses falouse neste Pleno, a petición do portavoz do BNG, do mal estado da tribuna do campo de fútbol municipal. Entre outras cousas díxose que estaba precintada ao público polas deficiencias que presentaba e que non se facía responsable, obviamente do que puidera ocorrer ao público se accedía directamente a ela e, creo entender que o pasado día 11 de marzo de 2018, nun encontro Moeche – Cebarca o público accedeu á grada clausurada sen nengún reparo.

Sra. Bascoy Maceiras.- Non poido dar conta diso porque non fun ao fútbol, sei que accedeu unha persoa, chamolle a atención a directiva e baixou, de todas formas nestes casos o que hai que facer é chamar a garda civil

Sra. Luaces Antón.- Foi mais dunha persoa.

Sra. Bascoy Maceiras.- Nese caso o que hai que facer é avisar a garda civil, xa que este Concello non dispón de policía local.

Hai un decreto ordeando a clausura da grada, notificado á directiva. Non se pode acceder e se alguén accede a xunta directiva ou ben nolo dí a nós ou chama á garda civil.

Clausurase porque se alguén entra xa non é responsable o Concello, hai uns carteis e unhas cintas, se alguén pasa ten un problema.

Sra. Luaces Antón.- ¿Non ten responsabilidade o Concello nin a xunta directiva se pasa algo?

Sra.- Bascoy Maceiras.- A directiva é unha entidade sen fin de lucro, a única responsabilidade é vixiar e na medida das súas posibilidades decirlle á xente que non entre, a partir de ahí, se alguen entra pode avisar á garda civil. Transmitireillo á directiva.

O Concello podería denunciar a quen entre. Calquera membro da Corporación que vexa esta actitude debería actuar primeiro avisando e senón chamando á garda civil, xa que todos temos a mesma responsabilidade.

Sra. Luaces Antón.- Quero facer outra pregunta relacionada co campo de fútbol. Montouse unha estrutura metálica xusto diante da tribuna, ¿con que fin?

Sra.- Bascoy Maceiras.- Para tapala e que os días de choiva se podan ver desde alí os partidos sen necesidade de meterse na cantina, estase facendo unha lona a medida. Agora non se poden reparar as gradas, xa que terían un custo de 120.000 a 140.00 euros.

Sra. Luaces Antón.- ¿E a Deputación?

Sra.- Bascoy Maceiras.- A Deputación dende fai tres anos estableceu o plan único, de acordo con todos os grupos políticos, redúcense convenios e repartese entre os concellos. Non se permiten convenios salvo en servizos básicos.

A Xunta non ten subvencións directamente para infraestruturas deportivas, si vós conseguides un convenio coa Xunta, onde gobernan os vós, nosoutros encantados. Existe una liña de axudas denominadas proxecto Uber pero concédese por orde de chegada, o Concello presentou o cuarto día e xa non había presuposto e, de corenta e dous concellos, corenta e un eran do Partido Popular e un do PSOE.

Sra. Luaces Antón.- Ahora que ven o bo tempo e aumenta o perigo de incendios, ¿hai algún programa a nivel municipal de loita contra incendios?

Sra.- Bascoy Maceiras.- Hai o convenio que asinamos coa Xunta, para desbroce de pistas e desde aproximadamente o 15 de maio, todolos anos está sempre preparada a cisterna para salir en caso de necesidade e, como concello rural o que marca a Xunta.

Sra. Luaces Antón.- ¿Vanse tomar as medidas de que se respeten os límites de limpeza e distancias de plantacións?

Sra.- Bascoy Maceiras.- Levamos dous anos coa limpeza, as plantacións non son competencia municipal, o que podemos requerir é a limpeza. Cando unha persoa non limpa hai que darlle un prazo de dous meses e logo, subsidiariamente, limpa o Concello. O problema é que o Concello no ten capacidade para proceder ao embargo necesario para recuperar os gastos desa limpeza. Temos previsto asinar un convenio coa Deputación para que esta realice os embargos. No plan normativo vai incluída unha ordenanza de limpeza de fincas. Aproveito para dicir que reuiriuse aos propietarios dos terreos do polígono industrial e todos eles procederon á súa limpeza.

Sra. Luaces Antón.- O problema mais grande que vexo xa non son os prazos senon o tempo que pasa ata que chega a orden,, antes mínimo eran seis meses.

Sra.- Bascoy Maceiras.- Ahora mesmo, entre que se inicia o expediente, vai a aparelladora e se mandan están tardando aproximadamente un mes en chegar, logo os prazos son moi longos. Normalmente cando teñen que limpar tamén teñen que cortar e ahí entra o axente forestal.

Estamos agora fecéndolle o seguimento a dúas denuncias presentadas na Xunta e que están aínda pendentes dende o 21 de febreiro.

Sra. Luaces Antón.- Por último, queremos solicitar que si se nos poden facilitar os contratos da cantina da piscina municipal dos anos 2015, 2016 e 2017.

E, non habendo mais asuntos a tratar, ás vinte horas e trinta minutos, por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario accidental, dou fe.

O secretario accidental, Antonio García Méndez

A alcaldesa, Beatriz Bascoy Maceiras